

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FUNDACIÓN MENELA PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO AO CEEPR MENELA RADICADO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González actuando en nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Cipriano Luís Jiménez Casas, que actúa no nome e representación da Fundación Menela, en calidade de director xeral, ratificado no seu cargo na reunión extraordinaria do Padroado celebrada o día 14 de decembro de 2020.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e as exerce coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que a Fundación Menela é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas,



consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

IV.- Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lle permitan ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

V.- Que a problemática habitual das discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén, a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado, e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Menela, acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado, que figura na memoria de detalle do servizo da entidade anexa ao convenio, dende os seus domicilios ao CEEPR Menela (ida e volta) radicado na provincia de Pontevedra, para o curso escolar 2021/2022.

Segunda.- Compromisos da Fundación Menela

Para acadar este obxecto a Fundación Menela comprométese a facilitar os desprazamentos descritos na cláusula primeira deste convenio cos vehículos que resulten necesarios, nos termos sinalados na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos, que se xuntan como anexo deste convenio.



De conformidade co disposto no artigo 41.2 do Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres (BOE núm. 241, do 8 de outubro), non será necesaria a obtención do correspondente título administrativo habilitante para a realización de transportes privados complementarios de viaxeiros, non sanitarios, que se realicen en vehículos de turismo.

A Fundación Menela poderá prestar o servizo directamente a través dos seus propios medios, ou ben a través de empresas especializadas no transporte de viaxeiros por estrada.

Terceira.- Función de acompañamento e atención ao alumnado

A Fundación Menela comprométese asemade a facilitar a función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento co persoal auxiliar necesario. O acompañamento realizarase directamente con persoal auxiliar que a Fundación Menela se compromete a facilitar para o efecto, ou ben poderá prestar tamén este servizo a través do persoal que aporten as empresas especializadas no transporte de viaxeiros por estrada.

Cuarta.- Financiamento e pagamento

1. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade compensará cada mes á Fundación Menela polos gastos derivados da súa colaboración coa cantidade global que resulte de multiplicar o importe do prezo/día da/s ruta/s de transporte obxecto do convenio de acordo cos termos sinalados na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos, polo número de días efectivos de transporte do curso escolar.

2. A consellería colaborará coa Fundación Menela cunha achega máxima de 72.987,60 € (7.906,99 € no ano 2021 e 65.080,61 € no ano 2022) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 10.10.423A.223.08 dos orzamentos xerais de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2021 e 2022.

3. Mensualmente a Fundación Menela percibirá a compensación sinalada na cláusula cuarta, previa xustificación da execución das actividades de colaboración obxecto deste convenio. Para estes efectos, a Fundación Menela enviará ao Servizo de Apoio aos



Servizos Educativos da Xefatura Territorial de Pontevedra, a documentación xustificativa dos gastos polos traslados realizados en cada unha das rutas, que figuran na memoria de detalle do servizo. De ser o caso, incluíranse dentro desta documentación as facturas xustificativas dos gastos do transporte. A persoa titular da Xefatura de Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial de Pontevedra, certificará, co visto e prace do xefe territorial, que as ditas actividades cumpren os termos do convenio, especificando o nome dos alumnos e alumnas transportados en cada ruta, o número de días que se levou a cabo o servizo en cada ruta, o prezo/día do servizo e o importe total. De ser o caso, a certificación incluírá tamén o nome da empresa que realizou os servizos de transporte.

Quinta.- Variacións de altas e baixas de persoas usuarias durante a vixencia do convenio

As necesidades de transporte escolar do alumnado con discapacidade resultan de difícil previsión, ao tratarse dun colectivo altamente sensible ás enfermidades e outras indisposicións, tanto de carácter temporal como de índole permanente, que non asiste a clase coa regularidade coa que acude o resto do alumnado, e no que o número de incidencias en forma de incorporacións e abandonos que se suceden ao longo do curso escolar acada unha importancia considerable, superior aos valores rexistrados destes parámetros para o resto do alumnado.

Porén, a realización das rutas do transporte xera os mesmos custos independentemente do número de alumnos que se transporten diariamente.

Por esta razón, as variacións que se sucedan durante a vixencia do convenio, en forma de altas e baixas de persoas usuarias dentro do mesmo centro educativo, non afectarán ao importe do custo diario da ruta.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución constituirase unha Comisión de seguimento, composta por dous representantes por cada unha das partes asinantes, estando presidida pola persoa titular do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial de Pontevedra (ou persoa en quen delegue).



A citada comisión establecerá o número de alumnado, os itinerarios e os horarios do transporte adaptado.

Así mesmo, a Comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación do presente convenio.

Sétima.- Inexistencia relación laboral

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Oitava.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio que non se resolvesen no seo da Comisión de seguimento do convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.



Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Serán causas de resolución deste convenio:
 - O incumprimento do seu obxecto.
 - O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
 - O acordo unánime de todos os asinantes.
 - A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.-Garantía en relación á protección xurídica do menor

Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, a Fundación Menela comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal, no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Décimo primeira.-Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mailo resto das especificacións contidas na mesma, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) xeral de protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou



xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante o curso escolar 2021/2022, con efectos dende o 1 de decembro de 2021, agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio. En todo caso, a duración máxima das prórrogas que se acorden será de catro anos desde que se acorde a primeira prórroga, de acordo co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Estando conformes co estipulado, asínase o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Universidade

P.D. (Orde do 9.2.2021)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O director xeral da Fundación Menela

Cipriano Luís Jiménez Casas

